

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE XULLO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (incorporouse a sesión no punto número 5/439 da orde do día). Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 30 de xuño de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para novos procesos, melloras tecnolóxicas, sanitarias e medioambientais, e ampliación de cámaras da industria cárnica sita en Lamablanca-Coeses.

Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun comercio polo xunto de perfumería e produtos de beleza na rúa Alcalde Ramiro Rueda Fernández, número 15-baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, polo que se resolve denegar a licenza de legalización de obras xa executadas e obras de reforma no edificio de tipoloxía tradicional auxiliar e anexa á vivenda unifamiliar para uso de almacén, no núcleo rural tradicional de Lamas parroquia de Santalla de Lamas.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento do predio matriz sito en Bosende de Abaixo, San Pedro Fiz de Muxa; para ampliación de almacén de actividade agropecuaria en Portomeilán-Adai; para legalización de estrutura de teito de planta baixa na zona de oficinas na nave con licenza número 912/03, sita no parque empresarial IN-F, rueiro G, parcela 16.2, rúa Das Costureiras e de legalización de modificación de localización dunha vivenda unifamiliar illada (con licenza anterior número 442/98), dentro dos límites da parcela inicial, así como os lindeiros da propia parcela, no núcleo rural tradicional de Cuco, parroquia de Santo André de Castro.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase adiar a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Carpinteiro/a pertencente ó cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, pendente de que o servizo correspondente emita o informe ó que se refire o artigo 172.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo polos axentes de consumo nas festas patronais de San Froilán 2010 e aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito á Área de Urbanismo e aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto e a súa adxudicación no proxecto modificado de obras de rehabilitación do edificio da fábrica da luz.

Aprobase o recurso de reposición interposto contra o acordo 13/228 da Xunta de Goberno do Concello de Lugo: contratación da execución do programa de intervención e pedagóxico “Aprende Xogando”.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 070710_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-7-2010

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación das bases xerais polas que se regula a autorización do uso en precario de locais da “Casa Clara Campoamor para asociacións de interese social” e apertura de convocatoria pública.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

Lugo, 7 de xullo de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García